

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
---	--	--

FICHA RESUMO

PE 403A 2009/39-5

Ano	2010
Entidade	CONFRARÍA DE PESCADORES DE BAIONA
Plan explotación⁽¹⁾	PLAN DE EXPLOTACIÓN DE OURIZO
Réxime⁽²⁾	LIBRE MARISQUEO-RECURSO ESPECÍFICO
Modalidade⁽³⁾	A PÉ E CON SUBMINISTRO DE AIRE DENDE A SUPERFICIE

Especies	Ourizo (<i>Paracentrotus lividus</i>)
Ambito do plan	De punta Orelluda a praia de Abra, incluíndo as illas Estelas.
Subzonas de explotación	Monte Ferro, Illas Estelas, Illotes Serraleiras (Carallóns), Monte Lourido, Monte Boi, Baredo (enseada Bombardeira), Cabo Silleiro (Carral), Enseada do Ladrón (Porto do Castro), Punta Centinela-Pedra Rubia, Can Cagado-Mougás, Porto Senín, Punta Orelludas.

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/habilitacións
11	6	15
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		Non
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
-	-	-

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción	A pé: 37 días Mergullo: 127 días											
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾	de xaneiro a abril, e de outubro a decembro											
Modalidade⁽³⁾: a pé: 37 días												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X						X	X	X	
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾	de xaneiro a abril e de outubro a decembro: 127 días											
Modalidade⁽³⁾: subministro de aire dende superficie												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X						X	X	X	

Topes de captura⁽⁶⁾			
Especies	A pé (mariscadora/día)	Embarcación/día	Tripulante/habilitación enrolado e a bordo/día
Ourizo	100 kg	150 kg	-

Artes a empregar	A pé Subministro con aire dende superficie
-------------------------	---

Puntos de control	Lonxa de Baiona
Puntos de venda	Lonxa de Baiona

Accións a realizar⁽⁷⁾	Épocas probables⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D



Extracción semente para resembrar													
Zonas:													
Especies:													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
Sementeiras													
Zonas:													
Especies:													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
Traslados													
Zonas:													
Especies:													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
Rareos													
Zonas:													
Especies:													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
Limpezas e arados													
Zonas:													

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Ambito do plan: Para evitar o solapamento co plan de ourizo da confraría de Vigo e tendo en conta que a praia de Abra non é o biotopo adecuado para este recurso, a zona de traballo será: de Punta Orelludas ata praia de Abra (excluída) e Illas Estelas.

Recoméndase que se subdivida a zona de traballo, en polo menos tres subzonas, que garantice a extracción de xeito rotatorio, permitindo o descanso dos bancos e facilite o seguimento destes..

Calendario de extracción: de xaneiro a abril e de outubro a decembro

- A pé: os días reais de extracción para os anos 2006, 2007 e 2008 foron de 22, 26 e 28 días respectivamente. Para o ano 2009 están autorizados un total de 37 días, que foron esgotados e que por Resolución do 30 de setembro de 2009 da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños incrementáronse para o ano 2009 ata un máximo de 52 días.. Para o ano 2010, a entidade solicita un incremento dos días ata 50. Tendo en conta cal foi ata o de agora a evolución do plan, e xa que o ano 2009 parece diferente ao resto, considérase conveniente non incrementar o número máximo de días autorizados respecto ao ano 2009. Polo tanto, os días máximos serán de 37 días.

- Mergullo: mantense o mesmo número de días que para o ano 2009: 127 días

Cotas máximas de captura:

- A pé: as CPUE para os anos 2006, 2007, 2008 e 2009 (ata abril incluído) son de 93.27 , 94.38, 92.13 e 96.5 kg/mariscadora/día, respectivamente, polo que a cota máxima de captura deberá manterse en 100 kg/mariscadora/día

- Mergullo: as CPUE para os anos 2007, 2008 e 2009 (ata abril incluído) foron de 71.29, 71.46, 56.06 kg/mergullador/día, polo que non se observa inconveniente en mater a cota en 150 kg/embarcación/día



Cómpre lembrar que os topes son máximos e que non se poden modificar sen previa autorización da Consellería do Mar. A baixada de topes é unha competencia do departamento territorial, polo que si estiman conveniente modificar o tope deben solicitalo á xefatura territorial que ditará resolución ó respecto. Na solicitude de apertura deberá indicarse a cota máxima para ese mes así como a modalidade de extracción que se vería afectada por dita medida.

Remisión dos datos de captura: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas, e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento do banco deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, seguindo as indicacións dos técnicos, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Actividade de mergullo:

O informe da actividade de mergullo de data 09.11.2008 é favorable á realización das inmersións necesarias para a extracción de ourizo mediante mergullo con subministro de aire dende superficie, sempre que o plan sexa aprobado á efectos de seguridade polo autoridade marítima correspondente, coas seguintes particularidades:



Mergullo con subministro de aire dende superficie: máximo 12 metros, cun tempo total no fondo que non requira a realización de paradas de descompresión.

Normas do plan: os plans de explotación son ferramentas para a xestión da explotación na que se recolle a planificación da actividade extractiva e as medidas para unha explotación sostible. Cando se trate da extracción de recursos dentro dun plan de explotación, a autorización para realizar o mergullo é concedida coa aprobación do plan para a zona e período de vixencia do mesmo, debendo a entidade presentar a aprobación para efectos de seguridade que dá a Capitanía Marítima correspondente (Orde de 13 de xuño de 2001 pola que se modifica a do 23 de abril de 1999 pola que se regula o exercicio do mergullo profesional). Isto non exclúe a aprobación dun plan de explotación con participantes que por diversas causas non exercen a actividade durante todo o período de tempo autorizado, sendo que é necesario que comuniquen cando se incorporan á actividade extractiva e correspondendo a súa inclusión na autorización da capitanía marítima.

Visto o exposto, o anexo IV (normas do plan) no que se indica que "para poder participar no plan de explotación, será obligatoria a participación no plan de seguridade" debe entenderse no senso de que os participantes non poderán desenvolver a actividade sen estar incluídos no plan de seguridade.

Recoméndase ao colectivo que a aplicación de calquera procedemento sancionador por parte dos órganos da agrupación, se realice unha vez ratificado o seu regulamento interno por esta Consellería, e lémbrese que a tutela que exerce a administración sobre as confrarías non inclúe ó réxime sancionador (artigo 3º do Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións).

Propostas de modificación do plan: Xunto ao plan achégase propostas de modificación do plan introducidas polo xunta xeral da confraría. Dita proposta presentada pola confraría foi posterior á aprobación do plan de explotación presentado polo colectivo de ourizo e sen a aprobación deste. A proposta consiste nun incremento en 3 embarcacións e a redución das

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	---

cotas máximas de captura a 100 kg/embarcación/día en lugar dos actualmente aprobados para o ano 2009 (150 kg/embarcación/día).

Tal e como se argumenta no escrito presentado pola propia confraría e segundo os datos dispoñibles sobre a evolución das CPUE e dos días de actividade non se considera conveniente que se produza un incremento das unidades de esforzo (embarcacións) e sen embargo, si parece máis consecuente manter as mesmas condicións de explotación (que as autorizadas ata o de agora) partindo do feito que tanto as cotas de captura como os días son variables que poden ser modificadas (poden ser reducidos) se o recurso se atopa en estado de sobrepesca.